

DECRETO DA ALCALDÍA

Expediente nº 98-2018

Por decreto desta Alcaldía de data 8 de xaneiro de 2018, dispúxose prorrogar para o ano 2018 o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lalín aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión do día 4 de setembro de 2017 e ata que non se teña aprobado o novo Plan Estratéxico de Subvencións adaptado ao novo orzamento que, no seu caso, se aprobe, xa que o orzamento actual é o do ano 2017 prorrogado para o ano 2018. As contías asignadas a cada unha das liñas de subvención teñen como límite o crédito inicial que para cada unha delas se contempla no orzamento prorrogado.

Dito Plan contempla a relación de subvencións nominativas ou en réxime de concorrencia competitiva que o Concello prevé outorgar no ano 2018, constando a finalidade para a que se conceden, os importes das mesmas e as partidas orzamentarias, non sendo unha figura inamovible, senón que pode ser modificado en base ás necesidades e circunstancias que así o fagan conveniente, previa tramitación do expediente correspondente.

Neste senso, o Pleno da Corporación municipal, na sesión celebrada o día 25 de maio de 2018, aprobou inicialmente o Expediente de Modificación de Créditos nº 4-P/2018, modalidade Crédito Extraordinario, polo que se habilita crédito para a concesión dunha subvención nominativa a favor da SOCIEDAD DE CAZA Y PESCA DE LALÍN, por importe de 3.200 euros, para a organización e desenvolvemento da Iª EXPOSICIÓN DE CANS DE CAZA CONCELLO DE LALÍN.

Unha vez aprobado definitivamente o Expediente de Modificación de Créditos nº 4-P/2018, modalidade Crédito Extraordinario (BOP nº 125 de 29/06/2018), procede a modificación do Plan Estratéxico de Subvencións 2017, prorrogado para o ano 2018, de acordo con dita modificación, no apartado correspondente á “Liña 1: Fomento de actividades de carácter lúdico e de promoción do deporte, a cultura, as tradicións, a educación e a mocidade”.

Por outra banda, o Pleno da Corporación municipal, na sesión celebrada o día 27 de xullo de 2018, aprobou inicialmente o Expediente de Modificación de Créditos nº 11-P/2018, modalidade Crédito Extraordinario e Suplemento de

Secretaría Xeral

Crédito, polo que se habilita crédito para a concesión de axudas en concorrencia competitiva para o PROGRAMA DE INFRAVIVENDA MUNICIPAL, por importe de 25.000 euros.

Unha vez aprobado definitivamente o Expediente de Modificación de Créditos nº 11-P/2018, modalidade Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito (BOP nº 179 de 17/09/2018), procede a modificación do Plan Estratéxico de Subvencións 2017, prorrogado para o ano 2018, de acordo con dita modificación, no apartado correspondente á “Liña 3: Cooperación, solidariedade e desenvolvemento humano”.

En base ao anteriormente exposto e tendo en conta as atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 41 do Real Decreto 2568/1986, do 18 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

DISPOÑO

Primeiro.- Avogar a competencia, para este caso concreto, que ostenta a Xunta de Goberno Local, diante da urxencia da tramitación das subvencións do Programa de Infravivenda Municipal.

Segundo.- Modificar a Liña 1 do Plan Estratéxico de Subvencións 2017, prorrogado para o ano 2018, incorporando ao mesmo a seguinte subvención nominativa:

AXUDAS LIÑA 1 FOMENTO DE ACTIVIDADES DE CARÁCTER LÚDICO E DE PROMOCIÓN DO DEPORTE, A CULTURA, AS TRADICIÓN, O PATRIMONIO, A EDUCACIÓN E A MOCIDADE					
ÁREA	DENOMINACIÓN	DESCRICIÓN	MODO DE CONCESIÓN	PARTIDA ORZAMENTARIA	IMPORTE
DP	Subvención á Sociedade de Caza y Pesca de Lalín para a celebración da Iª EXPOSICIÓN DE CANS DE CAZA CONCELLO DE LALÍN.	Subvención para a organización e desenvolvemento da Iª Exposición de cans de caza Concello de Lalín	Subvención nominativa	0.341.489.32	3.200,00 €



Subvención para a celebración da Iª Exposición de cans de caza Concellos de Lalín	
Centro Xestor	Departamento de Deportes
Liña de subvención	Liña 1
Aplicación orzamentaria	0.341.489.32
Área de Competencia	Deportes
Obxectivos	Subvención para a organización e desenvolvemento da Iª Exposición de cans de caza Concello de Lalín.
Beneficiarios	Sociedade de Caza y Pesca de Lalín
Modalidade de concesión	Subvención nominativa
Prazo	Convocatoria anual
Importe	3.200,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos no convenio de colaboración que se asinará ao efecto.

Terceiro.- Modificar a Liña 3 do Plan Estratéxico de Subvencións 2017 prorrogado para o ano 2018, incorporando ao mesmo a seguinte liña de axudas:

AXUDAS LIÑA 3 SUBVENCIÓN DE COOPERACIÓN, SOLIDARIEDADE E DESENVOLVEMENTO HUMANO					
ÁREA	DENOMINACIÓN	DESCRIPCIÓN	MODO DE CONCESIÓN	PARTIDA ORZAMENTARIA	IMPORTE
BS	Subvencións para a posta en marcha do Programa de Infravivenda Municipal.	Concesión de axudas para paliar o problema da infravivenda e, en consecuencia, para mellorar a habitabilidade das vivendas situadas no Concello de Lalín.	Concorrenza competitiva	0.231.780.04	25.000,00 €

Subvención para a celebración da Iª Exposición de cans de caza Concellos de Lalín	
Centro Xestor	Departamento de Benestar Social
Liña de subvención	Liña 3
Aplicación orzamentaria	0.231.780.04
Área de Competencia	Benestar Social
Obxectivos	Subvencións para paliar o problema da infravivenda e, en consecuencia, para mellorar a habitabilidade das vivendas situadas no Concello de Lalín.



Beneficiarios	Persoas físicas empadroadas e con residencia efectiva en Lalín que cumpran os restantes requisitos recollidos nas bases da convocatoria
Modalidade de concesión	Concorrenza competitiva
Prazo	Convocatoria anual
Importe	25.000,00 €
Fontes de financiamento	Recursos propios
Plan de acción	Requisitos establecidos nas bases da convocatoria aprobadas ao efecto

Cuarto.- Incorporar a presente modificación ao documento Plan Estratéxico de Subvencións 2017 como Anexo IV.

O Alcalde.
Rafael Cuíña Aparicio.

Dou fe. O Secretario Xeral.
César López Arribas

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE